

DOMINGO IV ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Xer 1, 4-5. 17-19

Lectura do profeta Xeremías

Nos días de Iosías, a palabra do Señor veume dicir: - Antes de te sacar do seo da túa nai, mireite; antes de lle saíres das entrañas, consagrite; constituínte profeta para as nacións. Pero ti has cingui-lo teu van, has erguerte e dicirlles todo o que eu che mande. Non te acovardes por medo deles, non sexa que eu te faga esmorecer diante deles. Fíxate: hoxe convértote en cidade cortada a pico, en columna de ferro, en muralla de bronce, para todo o país, para os reis de Xudá e para os seus príncipes, para os seus sacerdotes e para a xente do campo. Faranche guerra, pero non poderán contigo, pois contigo estou eu para te salvar -é o Señor quen fala-.

SALMO RESPONSORIAL Sal 70, 1-2. 3-4a. 5-6ab. 15ab e 17

R/. (cf. 15ab): **A miña boca pregoa a túa salvación, Señor.**

Abrígame en ti, Señor,
que endexamais me vexa defraudado;
líbrame pola túa xustiza, e deféndeme;
inclínate cara a min, e sálvame;
ven axiña, ven librame.

Sexas para min a rocha que me defende,
o forte castelo onde me salve,
xa que ti e—la miña fortaleza e o meu refuxio.
Rescátame, meu Deus, do poder dos malvados.

Ti es, Señor, a miña esperanza;
ti, Señor, a miña confianza desde a mocidade.
Desde o nacemento apóiome en ti,
desde o seo materno ti e-lo meu amparo.

A miña boca pregoa a túa xustiza,
pregoa decote a túa salvación.
Dende a miña mocidade ensinácheme, oh Deus,
e aínda hoxe canto os teus prodixios.

SEGUNDA LECTURA 1 Cor 12, 31 - 13, 13

Lectura da primeira carta do Apóstolo san Paulo ós Corintios

Irmáns: Cobizade os carismas mellores. Pero aínda vos hei mostra-lo camiño por excelencia. Por moito que eu falase as linguas todas dos homes e as dos anxos, se non tiver amor, non sería máis ca un bronce que resoa ou un pandeiro que repenica. Por moito que eu falase inspirado e comprendese tódolos misterios e mais toda a ciencia e tivese tanta fe que movese os montes, se non tiver amor, non sería nada. Por moito que eu reparta todo o que teño e me deixe queimar vivo, se non tiver amor, non me sería de proveito ningún.

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre. O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa ciencia é limitada, e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado.

Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno. Do mesmo xeito: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min. En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

EVANXEO Lc 4, 21-30

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, empezoulles a dicir Xesús na sinagoga: - Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura. E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de gracia que saían da boca del. E dicían: - ¿Pero non é este o fillo de Xosé? El díxolles: - Seguramente me recordaredes aquel refrán: Médico, cúrate a ti mesmo; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra.

Pero el continuou: - Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha gran fame anegou todo o país; e a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón.

E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio. Oíndo estas cousas, tódolos que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; así que, erguéronse, botárono fóra da vila, levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo. Pero el botou a andar polo medio deles e marchou.